

ELECCIONES MUNICIPALES, AUTONÓMICAS E XERAIS DE 2015

Europa Laica suxire unha serie de propostas, dirixidas aos partidos políticos, coalicións electorais e agrupacións de electores que en todo o Estado van concurrir aos diferentes procesos electorais de 2015.

POR UN ESTADO LAICO COMPROMISO ELECTORAL

30 medidas xenéricas e 14 medidas para os municipios

Os tres eixes principais das medidas e propostas, teñen como finalidade:

- Garantir a liberdade de conciencia individual e independencia efectiva do Estado con respecto a calquera confesión relixiosa ou ideoloxía particular, asegurando así a neutralidade ideolóxica das Administracións públicas.
- Eliminar calquera tipo de privilexio ou discriminación no trato económico e fiscal para todas as entidades de carácter privado, sexan relixiosas ou non, coa fin de asegurar o principio democrático da igualdade de dereitos ante a Lei e a separación dos ámbitos público e privado
- Asegurar unha Educación laica como dereito universal, igual e integrador, dentro dun proxecto común de cidadanía.

Para isto proponse:

- Diversas modificacións legislativas, incluída a Constitución de 1978.
- A anulación dos Acordos coa Santa Sede de 1979.
- A supresión, por parte do Estado, de todo tipo de financiamento da Igrexa Católica e doutras confesións, incluídas as exencións fiscais.
- Sacar a relixión confesional do Sistema Educativo e eliminar o financiamento público dos centros de Ensino con ideario propio.

POR UN ESTADO LAICO: COMPROMISO ELECTORAL

...Corresponde aos poderes públicos promover as condicións ... e remover os obstáculos para que a igualdade e liberdade dos individuos e dos grupos sexan reais e efectivas... (Relativo ao art. 9 da actual Constitución española de 1978).

Ante os próximos procesos electorais do mes de maio de 2015 **Europa Laica** suxire unha serie de ideas, obxectivos e reivindicacións que afectan ás diversas competencias das Administracións Públicas, tanto no ámbito central como autonómico e municipal, para que poidan ser consideradas como **compromiso electoral** por aquelas forzas políticas, coalicións ou agrupacións de electores que desexen compartir o obxectivo da **construcción dun Estado laico**, e así as inclúan nos seus respectivos programas electorais ou se adhiran a estas medidas. E para que, unha vez pasados os comicios, as persoas electas e os seus respectivos grupos políticos, asuman o **compromiso adquirido**, no seu caso.

30 MEDIDAS E PROPOSTAS CON CARÁCTER XERAL

MEDIDAS LEXISLATIVAS

Coa fin de garantir a independencia efectiva do Estado con respecto a calquera confesión relixiosa.

1-Propostas para un proceso constituinte ou modificación parcial da actual Constitución:

*Proponse o seguinte texto en substitución do actual artigo 16 da Constitución de 1978.

*16.1. O Estado é laico. Ningunha convicción particular, ideoloxía ou confesión relixiosa terá carácter estatal.
16.2. Garántese a liberdade de pensamento, conciencia, relixión e outras conviccións das persoas, sen máis limitación na súa manifestación e organización que a necesaria para o cumprimento dos principios establecidos na Constitución e nas leis.
16.3. Ninguén poderá ser obrigado a declarar sobre a súa ideoloxía, crenzas ou relixión.*

*Proponse, para o actual artigo 27, da Constitución de 1978, un novo redactado no que queden moi claros estes principios.

Que para garantir o dereito universal e igual á Educación, o Sistema Educativo ha de ser laico e por lo tanto a relixión, nas súas formas confesionais, non formará parte do currículo e do ámbito escolar. Isto coa fin de respectar os dereitos de toda a comunidade educativa, sen discriminación nin privilexios, evitando todo tipo de segregación dos escolares por razóns de ideas ou crenzas. Non se subvencionarán, en ningún caso, centros educativos con ideario propio, xa sexa de carácter relixioso ou de outra natureza ideolóxica particular. A prioridade do Estado é a Escola Pública.

2-Denuncia e Anulación do Concordato de 1953 e dos Acordos concordatarios do Estado español coa Santa Sede de 1976 e 1979. Ademais daqueles que se firmaron con outras confesións relixiosas.

3-Derrogación da actual “*lei de Liberdade relixiosa de 1980*” e elaboración dunha “*Lei de Liberdade de Conciencia*”, que protexa e garante a liberdade de pensamento, conciencia e conviccións e a súa práctica, sen distincións nin privilexios.

*Nesta liña **Europa Laica** ofrece unha proposta de texto articulado, presentado en marzo de 2009 aos grupos políticos con representación parlamentaria. (**Texto completo está a disposición na nosa web: www.laicismo.org**)

4-Así mesmo eliminar da “*Lei de Mecenado*” (49/2002) e doutras leis, normas e ordenanzas estatais, autonómicas e locais, os enormes privilexios fiscais da Igrexa Católica e de calquera confesión relixiosa, así como das súas entidades, organizacións, asociacións e empresas, xa que supón a equiparación de feito coas entidades sen ánimo de lucro e a exención total ou parcial nos diferentes impostos de ámbito estatal autonómico ou local (Sociedades, Patrimonio, Actos Xurídicos, IBI, Imposto sobre Construcións, IAE, Sucesións e Transmisións Patrimoniais).

5-Texto actualizado en xullo de 2015

Modificación da proposta 5, a raíz da nova Lei Hipotecaria (de xullo 2015)
Como Europa Laica e outras organizacións viñamos esixindo aos poderes públicos dende fai anos e unha vez que o pasado 25 de xuño de 2015, logo de aprobación no Parlamento, o BOE publicaba a Lei 13/2015, do 24 de xuño, de Reforma da Lei Hipotecaria, aprobada por Decreto do 8 de febreiro de 1946, suprimíndose o privilexio de in-matriculación de terreos a partir de certificacións de dominio expedidas polos diocesanos católicos, contido ata ese momento no artigo 206 da LH. Aínda quedando pendente a modificación do Regulamento, nos seus artigos 4 e 304

Esiximos que unha vez que a Lei Hipotecaria foi modificada e a Igrexa católica xa non ten consideración de corporación de dereito público, o Estado por vía legislativa debe declarar como actos nulos todas as propiedades rústicas e urbanas rexistradas pola Igrexa católica, polo devandito procedemento restituíndoas á súa anterior situación rexistral. Para iso hase de facer, previamente, un listado e balance de todo o in-matriculada pola Igrexa católica dende 1946, ata xuño de 2015.

6- As Igrexas, confesións e comunidades relixiosas, así como as organizacións filosóficas ou ideolóxicas constituídas en torno a conviccións de carácter non relixioso, e as súas respectivas federacións, como asociacións sometidas ao dereito común, gozarán de personalidade xurídica unha vez constituídas, con arranxo aos preceptos da Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo reguladora do dereito de asociación, sen ningún tipo de excepcionalidade, como contempla na actualidade dita Lei.

7-Derrogación no actual Código Penal dos artigos 522 a 525, que tipifican como delito a suposta ofensa aos sentimentos relixiosos, en relación cos seus actos ou cerimoniais, tanto de palabra como de forma escrita.

8-Suprimiranse a “*Obra Pía dos Santos Lugares*” e a “*Obra Pía dos establecementos en Italia*” como entidades de carácter público. O seu patrimonio pasará a ser propiedade do Estado español, salvo nos casos nos que se entre en litixio cun país soberano, co que haberá que negociar a titularidade no marco das normas internacionais.

MEDIDAS SOBRE CUESTIÓNS SIMBÓLICAS

Garantir a neutralidade ideolóxica das administración públicas.

9-Ningunha autoridade pública ou funcionari@ poderá participar en actos de carácter confesional, en calidade de tal.

10-Eliminar calquera tipo de simboloxía relixiosa nos actos oficiais, así como en lugares e edificios de titularidade pública e naqueles que teñan tal condición, aínda que sexan xestionados por actores privados ou estean sometidos ao dereito privado.

11-Supresión de calquera tipo de honores civís ou homenaxes públicas (condecoracións, votos ou nomeamentos civís) a imaxes, advocacións, santos ou símbolos relixiosos. Así mesmo, tampouco se vinculará aos poderes públicos (persoas ou entidades) con ritos ou imaxes de carácter relixioso.

Quedarán sen efecto os honores ou nomeamentos que se teñan realizado ata agora.

12-Así mesmo suprimirase a celebración de cerimonia relixiosas nos actos oficiais que organice o Estado, desde calquera dos seus ámbitos, como en tomas de posesións, funerais por catástrofes, recoñecementos de méritos, rendición de honores, etc.

13-Supresión de calquera presenza oficial das forzas armadas ou de seguridade do Estado, así como de símbolos e himnos do Estado, nos actos relixiosos.

14-Adecuación á non confesionalidade do Estado establecida na Constitución dos regulamentos de honores e protocolo das Administracións públicas, así como dos entes públicos, do Exército e forzas da orde e das universidades.

15-Eliminación das capelas de calquera lugar público dependente da Administración central ou periférica, xa sexa escolar ou universitario, sanitario, servicios sociais, centro penitenciario, xulgados, cuarteis militares ou das forzas de orde pública, embaixadas e consulados, etc.

16-Supresión da figura dos “capeláns funcionarios católicos” e, no seu caso, doutros representantes relixiosos dos exércitos, hospitais e cárceres, así como do Arcebispado Castrense de España.

*(Calquera persoa, que permaneza en centros penitenciarios u hospitais, e que pola súa especial circunstancia, non se poden desprazar a un centro de culto, e solicite asistencia relixiosa de calquera natureza, ten el dereito a facelo e ser atendido, sen que sexa necesaria a existencia destes funcionarios capeláns)

17- Supresión da emisión de culto ou ritos de carácter relixioso a través da televisión, radio ou calquera medios de comunicación de titularidade pública.

MEDIDAS ECONÓMICAS E DE FISCALIDADE

Ningún privilexio, nin discriminación no trato económico e fiscal para todas as entidades de carácter privado, sexan relixiosas ou non.

18-O Estado non financiará ás confesións relixiosas, directa ou indirectamente, nin realizará contribucións patrimoniais para o desenvolvemento das súas actividades.

Así mesmo, **eliminarase o financiamento a través do recadro no IRPF**. A súa vez, e mentres siga vixente o financiamento actual a través do IRPF, o Estado non entregará cantidades a conta periodicamente, e será o que se presente anualmente ao Parlamento os datos derivados de este financiamento.

Nesta liña terase en conta a supresión de exencións e privilexios fiscais e administrativos que se indican no anterior punto **4**.

A Igrexa Católica deberá presentar unha Memoria ao Congreso dos Deputados sobre toda a súa actividade económica desde 1979, xa sexa mobiliaria ou inmobiliaria, patrimonio suntuario, explotacións mercantís, actividades empresariais, etc.

19-O Estado central, autonómico e municipal, de forma coordinada, teñen a obriga de velar polo mantemento adecuado e o rexistro anual do **Patrimonio Histórico Artístico** en poder da Igrexa Católica ou doutras confesións, para evitar ademais que non sexan transmitidos a particulares, nin a entidades mercantís. As campañas anuais de catalogación fináncianse, desde 1986, a través dun convenio entre o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e as Comunidades Autónomas.

20-Desamortización de bens. O Estado debe buscar fórmulas de desamortización paulatina e para uso público, do patrimonio da Igrexa Católica polo interese xeral e/o cando este participa no seu mantemento e restauración, como ven obrigado por Acordos bilaterais e pola actual Lei de Patrimonio vixente.

IGUALDADE ANTE A LEI

Principio democrático da igualdade de dereitos e separación dos ámbitos público e privado

21-Non se asimilará ningunha confesión nin entidade de carácter relixioso cunha entidade de dereito público, estando aquelas sometidas ao dereito privado, como se expresa no anterior punto **6**.

22-Os poderes públicos han de garantir que a pertenza ou no pertenza dunha persoa a unha determinada confesión relixiosa sexa totalmente voluntaria, e que o único requisito para deixar de pertencer sexa mediante a simple solicitude formal. *(Garantías xurídicas para exercer o Dereito de Apostasía en calquera confesión relixiosa).

23- Así mesmo, e en relación coa Declaración dos Dereitos do Neno e outras Conveccións internacionais, o Estado español garantirá que as organizacións relixiosas proporcionen todas as facilidades para que os nenos e nenas, se mostran a súa desconformidade coa súa adscrición a estas organizacións polos seus proxenitores sen o seu consentimento, poidan anular a súa vinculación ás citadas organizacións nos casos de bautismo ou outros rituais similares de pertenza de menores.

Neste sentido, nos Centros de atención e tutela de menores públicos ou de xestión privada evitarase que sexan xestionados por organizacións relixiosas ou de outra ideoloxía particular e, por suposto, nestes esixirase un estricto cumprimento da liberdade de conciencia.

24- Os cemiterios serán civís e asegurase que todos os familiares dos defuntos poidan celebrar as cerimoniais que lles parezan pertinentes. Ningún símbolo, icona ou emblema de calquera tipo, representativo dunha relixión ou dunha ideoloxía particular, poderá presidir estes espazos públicos, a excepción dos que os familiares do defunto decidan exhibir na sepultura do finado. Os Concellos deben, si é posible, procurar espazos específicos para enterramentos de relixións organizadas minoritarias, se o solicitan. *Concrétase máis no apartado 7, de propostas municipais.

25- En toda a rede sanitaria débese garantir a atención á interrupción voluntaria do embarazo, e o dereito a unha Morte Digna e as disposicións do Testamento Vital.

ENSINO

La Educación como dereito universal, igual e integrador dentro dun proxecto común de cidadanía.

26- Para garantir o dereito universal e igual á educación, e de acordo cos fins que lle son propios, a Escola ten que educar sen dogmas, en coñecementos científicos e universais, en valores humanistas e cívicos, no respecto aos dereitos humanos, na asunción da diferenza e da diversidade, sobre a base da igualdade en dignidade e dereitos, nos principios éticos e democráticos que son comúns. De aí que lle sexa consubstancial o seu carácter laico.

27- En consecuencia, a **relixión, nas súas formas confesionais, debe saír do currículo e do ámbito escolar**, con el fin de respectar os dereitos de toda a comunidade educativa, sen discriminación nin privilexio, evitando todo tipo de segregación por razóns de ideas ou crenzas.

28- Non se subvencionarán, en ningún caso, centros educativos con ideario propio, xa sexa de carácter relixioso ou de outra natureza ideolóxica particular. nin aqueles que vulneren o artigo 14 da actual Constitución de 1978. Nesta liña, suprimíranse paulatinamente os concertos educativos.

29- Coa fin de respectar a neutralidade do espazo público e común, que é a Escola, eliminarase todo tipo de simboloxía relixiosa, actos e proselitismo relixioso, de calquera natureza.

30- A Universidade ha de ser laica. Hanse de suprimir da Universidade Pública todas as connotacións relixiosas, así como o estudo específico do dereito canónico e a oferta de clases de relixión en calquera carreira universitaria.

14 Propostas concretas e xenéricas, para unha política municipal NON confesional

NOS MUNICIPIOS, SE HAI VONTADE POLÍTICA, PÓDESE FACER MOITO POLA CONSTRUCCIÓN DO ESTADO LAICO.

O obxectivo destas medidas é establecer a separación entre os poderes públicos locais e as relixións, de forma que se establece a lexitimidade estrictamente secular das institucións políticas, sen que caiba ningunha confusión entre fins relixiosos e civís. Así como establecer a neutralidade ou non confesionalidade do Estado (municipal) en dous sentidos: A- Compromiso dos poderes públicos locais para non inmiscirse nos asuntos estrictamente relixiosos, permitindo a máxima liberdade nese sentido, só limitada polo respecto á orde pública e as leis. B- Igualdade que impida calquera tipo de discriminación por razón de ideoloxía ou relixión ou ausencia delas.

1-Suprimir todo tipo de simboloxía relixiosa nos actos oficiais e nos espazos de titularidade pública que dependan das Administracións. As Administracións non promoverán ritos nin celebracións relixiosas de ningún tipo.

2-Os actos públicos oficiais serán exclusivamente civís e sen connotacións relixiosas. Ningunha autoridade pública ou funcionario participará, en calidade de tal, en actos de natureza relixiosa. Os membros da corporación local e o persoal ao servizo da Administración municipal non mostrarán, no exercicio do seu cargo ou das súas funcións, ningún xesto de submisión ou veneración de persoas ou imaxes relixiosas (tales como xenuflexións, bicar aneis, etc.). Os regulamentos municipais de honores e protocolos e dos seus entes públicos adecuaranse á “non confesionalidade do Estado”, que ampara o artigo 16.3 da actual Constitución. Non serán invitados a actos civís, ou considerados autoridade pública, os representantes eclesiásticos de calquera confesión.

3-Quedan suprimidos, e ademais con carácter retroactivo, todos os honores ou votos públicos a advocacións, santos, imaxes ou simboloxía representativa relixiosa, como condecoracións, nomeamentos de alcaldes e alcaldesas perpetuas, etc. Tampouco o Concello e a súa corporación se encomendarán a santoral, imaxes ou rituais relixiosos.

4-Todos os edificios e instalacións dependentes da Administración local, así como os seus organismos autónomos e demais entes estarán exentos de calquera tipo de simboloxía relixiosa, para cumprir cos principios de separación e neutralidade da administración pública. A tal fin, retirarase calquera símbolo relixioso que puidera haber en calquera deles e a alcaldía determinará o seu destino posterior, o seu rexistro e protección en dependencias municipais ou a súa doazón a entidades relixiosas que puideran ter interese neles.

5-Non se doará, nin facilitará terreo público nin locais, nin se concederá financiamento público ou exencións fiscais municipais para a instalación de infraestructuras ou realización de actividades a ningunha confesión ou institución relixiosa. Así mesmo, as confesións relixiosas veranse obrigadas a pagar todos os impostos municipais, incluído o de Bens Inmóveis (IBI), que se deriven da súa actividade, xa sexa de carácter relixioso ou mercantil.

Os Concellos elaborarán un censo público das propiedades da Igrexa Católica, doutras confesións que están exentas de pagar o IBI, tanto de centros de culto como doutras actividades mercantis ou sociais. Tamén, no seu caso, elaborará un censo das propiedades rústicas e urbanas das que se teña apropiado a Igrexa Católica mediante o sistema de inmatriculación. Tamén se elaborará un censo doutras entidades públicas ou privadas que estean exentos do pago do IBI.

6-O Concello facilitará que as cerimonias civís (acollida, matrimonio e funerais) poidan celebrarse sen obstáculos, dando á cidadanía todo tipo de facilidades para isto, e poñendo a adecuada infraestrutura.

7-Nos cemiterios públicos, que serán civís, e nos tanatorios públicos ou de xestión privada, asegurase que todos os familiares dos defuntos, sen exclusión algunha por motivos de relixión ou de conviccións, poidan celebrar as cerimonias que lles parezan pertinentes. Ningún símbolo, icona ou emblema de calquera tipo, representativo dunha relixión ou dunha ideoloxía particular, poderá presidir estes espazos públicos, a excepción dos que aos familiares dos defuntos lles pareza oportuno utilizar no transcurso das cerimonias, e dos que desexen exhibir na sepultura do finado. Incluso os concellos deben, se é posible, procurar espazos específicos para enterramentos de relixións organizadas minoritarias, se o solicitan.

8-Incorporaranse referencias e conmemoracións de carácter civil ao calendario oficial, centros públicos e ás guías de rúas municipais, así como datas fixas e denominación neutra ás vacacións escolares, fixadas a través do Consello Escolar Municipal.

9-Declaración das festas locais en referencia a acontecementos que unan a todos os cidadáns e cidadás, e non aos referentes a unha parte da cidadanía que teñen determinadas crenzas. Facendo especial relevancia a acontecementos ou persoas que tiveron que ver coa historia, a cultura ou os valores cívicos da sociedade local que o Concello representa.

10-O Concello, en períodos electorais, só facilitará colexios ou locais no confesionais e, polo tanto, libres de simboloxía relixiosa para o exercicio democrático de votar.

11-O Concello abrirá un “Rexistro Municipal de Testamentos Vitais” co seu propio Regulamento para o rexistro voluntario da libre vontade con respecto á fase final da propia vida, e cos efectos xurídicos que las leis establezan, para colaborar coa administración sanitaria.

12-O Concello promoverá a liberdade de conciencia e de conviccións e velará para que ningún dereito de este exercicio sexa vulnerado. Para isto poderá dispor dunha “**Oficina de defensa da liberdade de conciencia**”, onde se poidan recibir e tramitar queixas e suxestións da cidadanía. No obstante a cidadanía, a título individual ou colectivo, amparada nas súas crenzas relixiosas, non poderá cuestionar normas comúns que o son do conxunto da cidadanía, ao menos nos espazos públicos. Así mesmo o Concello promoverá campañas informativas sobre o significado da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, sobre a liberdade de conciencia e sobre o principio constitucional: “*Ningunha confesión terá carácter estatal*”

13-Laicidade e Escola pública. Os poderes públicos locais velarán pola laicidade dos ensinos impartidos nos itinerarios oficiais, dentro dos centros educativos de titularidade pública e dos privados sostidos con fondos públicos, coa fin de evitar calquera interferencia nos obxectivos educativos de conviccións particulares relixiosas, filosóficas ou ideolóxicas. E isto supón a retirada de simboloxía relixiosa e á celebración ou participación en actos relixiosos.

14-Mocións. Os Concellos, naquelas cuestións que non sexan da súa competencia, promoverán mocións e resolucións, coa fin de solicitar ao Estado que tome as medidas legislativas conducentes ao establecemento do Estado laico e a eliminar todos os privilexios dos que goza a Igrexa Católica e outras confesións relixiosas e que figuran neste documento de medidas e propostas. Tamén, no ámbito das súas competencias, poderán elaborar Ordenanzas ou Regulamentos de **laicidade municipal**.

—

***No enlace: <http://laicismo.org//detalle.php?pk=37689> encontrarase un modelo de texto para unha posible Ordenanza ou Regulamento de laicidade municipal, segundo a lexislación vixente *(texto en castellan).